

A Xanela

Revista cultural das Mariñas

Nº 12

OUTONO

2001



LABRADORA DA PROVINCIA DE BETANZOS.
Juan de la Cruz Cano, "Colección de trajes de España", 1777

COLABORACIÓN

Maxi Rei, Medos Romero, Paulo Martínez Lema, Xabier López, Suso Torres, Lucía Aldao, Gabriela Rodríguez, Ruy Ventura, Margarida Parreira Alves, Miguel Castelo, Xosé M^a Veiga, Juan Sobrino Ceballos, Antón Fafián, Olga Kirk, Pablo Díaz Carro, Xosé Luis Sobrino e Baraxeiro.

TEXTOS

Ángel López Veiga e George Borrow.

DESEÑOS

Víctor Tizón, Calros Silvar, Olaia Torres,
Luis Otero, Miguel Cuba.

FOTOGRAFÍAS

Veiga, G. Díaz, ESA, Sobrino, Arquivo Ruote e
Arquivo Eira Vella.

COORDENA
Suso Torres

MAQUETA
Equipo Xerri

IMPRIME
Lugami, Artes Gráficas. Betanzos

D.L.
C - 1696 /96

▣ Para o etnógrafo e estudoso da nosa cultura Clodio González Pérez, polo louvador artigo sobre A Xanela que publicou no Correo Galego o pasado 4 de agosto. Tamén nos gusta que se fale de nós... aínda que sexa ben.

▣ A todos os anunciantes (locais comerciais, empresas e entidades) que fan posible a saída dun novo número de A Xanela pola súa fidelidade e colaboración.

Á Deputación Provincial da Coruña que se dignou subvencionar á Xanela con 51.000 pesetas... para os dous números anuais. Ou sexa 25.500 por cada número. E menos mal! Chegarán para os gastos de envío a entidades culturais e bibliotecas (entre elas a da propia Deputación).


Intercambios:

A Xanela intercámbiase con outras publicacións culturais de calquer ámbito. Para solicitar intercambio dirixirse ao apartado 107 de Betanzos, CP 15300.


Fe de erros:

No anterior número 11, da pasada primavera, o retrato de Antón Naveira Goday que aparece na páxina 21 atribuíaselle a José Luis, cando en realidade é da autoría de Juan Luis, pintor compostelano nacido en 1894.

Calros Silvar



Víctor Tizón



Recolledores de amorodos

Maxi Rei

Non terán estes xornaleiros nesta hora exacta na que a forza do sol cae a treu, contida no seu cheo agosto e na súa total e sólida perpendicularidade, ningún Millet que os debuxe, como así foi feito con aquelas mulleres apañando o grao na aterradora extensión dunha tarde, a cal pode ser tomada como metáfora: silencio espiral dunha inxustiza á que se podería estar afeito polo dictado do costume.

E dun lenzo sobre os que ninguén os debuxará non se poderán facer copias coas que adornamentar o apacible descanso dos salóns das casas ou as paredes cálidas dalgunha cafetería de media mañá; tampouco, se nos poñemos realistas, un cadro que non existe ó mellor é posible colgalo das paredes dun museo imaxinario dos traballos e dos días, onde cada estancia ou cuarto bretemoso e hipotético fose unha viaxe e chegase ata o día a día do esvaradizo presente.

Mais nós non debemos emborracharnos desta excursión ás paisaxes do que non son, porque de meternos nela teríamos obrigatoriamente que describilas e así xa serían feitas, podería ser, chegado o caso, que ficasen máis certas, nunha dimensión superior ó propio anonimato dos xornaleiros que día a día recollen amorodos, achegándose ou alonxándose en función da cantidade, polos regos sen nome pero con principio e fin como as horas que se van atopando como espazos idénticos, transcurridos en función de tantas variables que non é este o lugar do seu plantexamento.

Por iso hai que volver a vista ás letras que deles nunca se escribirán, xa que o feito de ir apañando o froito da terra carece de historia e tampouco ten maior traxedia: velaí a lentitude dun silencio manso interrompido por conversas relativas ás beiras do tempo no que viven e que non durarán moito xa que a atención está na fin das mans, que se van enchendo dun sabor que descoñecen e que rematarán en bocas imposibles de adiviñar, como os lugares e almacéns calados que estes froitos haberán de seguir polos vieiros do comercio; como tampouco esas mans derradeiras, esas linguas que disfrutarán saboreándoas, destino final, que non se preguntará polos homes e mulleres que as tocaron por primeira



vez, que as escolleron e as permitiron, que fixeron do seu lombo a zafra na que petan os martelos do sal cando sae a chuzos na hora espida e cenital dun agosto ergueito.

Foi dito que a paisaxe é un estado da alma, e abofé que ollando a estes xornaleiros un decátase ben pronto de que o inxenioso poeta que a dixo nunca traballou, senón que libre de toda ocupación éralle permitido adicarse ás letras e ás contemplacións cando non a outros vicios; en todo caso, para os que bufan co lombo dobrado, recollendo a esperanza do alimento ou do xornal, sexan aquelas campesiñas de Millet das que non sabemos nada ou estes xornaleiros que apañan amorodos, en todo caso a paisaxe é un estado do corpo e da suor, das costas que xa non sentirán o sufrimento ó que foron acostumadas e que xa forma parte da mesma pel, nas horas aceiradas de estío na que os homes e mulleres van deixando, foron deixando, as súas forzas e erguendo a súa vida no labor campesiño de cada día. ■

(ós meus compañeiros de traballo
cos que recollin amorodos no verán do 2001:
meu irmán Carliños, Maricarme, Carme, Luis
e o marroquí que non me acordo como se chamaba)

Ilustración: OLAIA

Anxos do ceo

Medos Romero

Seu pai agarroulle a man pequena entre da súa. A nena sinteu a tenrura e o calor daquela man grande e callosa. Naquel xesto aproximouse á súa beira. Uleulle a tabaco, como sempre, e tamén a aquel cheiro peculiar que desprendía o seu traxe, un cheiro a grá, que a ela tanto lle agradaba. Adouraba a seu pai igual que adouraba ás tardiñas, de puntiñas na hucha grande, xogar coas mans entre do trigo, polo tacto suave, e xogar a facer montonciños e a introducir os brazos ata os cóvados enl, e logo deixalo caer grao a grao, e tamén agochar a boneca de pao e o libro dos animais. El saca un pitillo, e desta vez, antes de volver pousar a man na dela, prodúcese un miragre: ofrécelle o mecheiro de gasolina despois do clik, pechado xa e aínda co metal morno. Sorpréndea de verdade. *Non o encendas, Ana*, dille, *que te podes queimar*, dillo mentres lle pasa a man polo cabelo, nun xesto á súa altura. Ela, coas mans pequerrechas, apalpa a tapa e a forma cadrada cos dedeiros, contándolle un a un os furados... E foi así como camiñaron un longo treito ata o carreiro dos coios grandes. Un Landrover ruxía e fumeaba agardándoos. Cando chegaron a el, seu pai levantouna no ar, colleuna no colo e entraron pola porta traseira. El, primeiro, con coidado, pousouna no asento de skai, deixándolle sin querer as pernas ao ar e o vestido novo de ponto de abella todo engruñado. Ana preguntoulle varias veces se lle había de mercar algo na vila. El non dixo nada. Á súa beira percatouse das enrugadas da fronte, da mandíbula apertada, das mans inquedas sin paraxe. Ana comezou a tararear un pouco unha canción. Apenas se oía entre tanto traqueteo do automóvil. Moito máis adiante, entre dunhas casas novas, o coche parou. Seu pai baixouse só. Ela veu polos cristás uns cativos xogando á beirada da estrada. Xogaban cunha pelota fofa encarnada, e a ela caíanlle os ollos por poder baixar e xogar con aqueles nenos. Estaba tan entretida niso que non se decatou de que seu pai xa abría de novo a porta do coche. Debaxo do brazo traía unha caixiña branca, fermosa, coas asas douradas e cunha cruz grande como a que dona Rosa tiña no cuarto da cama da mesíña. Daquela

Ana estremeceuse e tivo medo. Pero non dixo nada, non preguntou nada. El non podía mirala. Cando se sentou fronte a ela, sacou do peto un caramelo grande e redondo cunha goma longa na punta e amosoullo facéndoo pencear no ar, arriba e abaixo, cos ollos cheos de auga. Ana non dixo nada e el tampouco. Mais ela soubo ben que aquela recompensa seguro que tiña un mal trago. Cando chegaron ao curral da casa, Ana saeu correndo precipitadamente pola lama adiante. Subeu o patín coma un lóstrego. Súa nai non estaba alí. O irmán pequeno brincaba contento entre daquela morea de xente. Manuel achegouse para ensinarlle unha boa presada de moedas de pesos, e algunha de cinco pesos tamén. Ela descoñeceu o cuarto de sempre. Ulía raro e as paredes estaban cobertas de sabas brancas cobrindo o mouro. Había tamén moitas flores, moitas. Todo aquilo amitaba unha capela, pero sin ningunha Virxe nin ningún santo. Era Nené, a súa irmá pequena, vestida coa túnica azul clariño de debuxos dourados, a mesma que Ana levara no nacemento da parroquia para facer de Virxe. Nené estaba dormida e queda. Ana chamouna timidamente, mais Nené non lle respondía. Tampouco respiraba. Entón axeonllouse como as mulleres vellas sobre das táboas do cuarto para rezar e foi entón cando dona Rosa a ergueu de súpeto de alí e a sacou daquel choro profundo, prohibíndolle axeonllarse máis. *Polos anxos non se chora, Ana. Son anxos do ceo. É pecado chorar por eles*. Preguntoulle se quería bicala, e claro que quixo. E termou dona Rosa dela no ar, sin desfacer a harmonía daquela estampa, e aquel cheiro a cera e a proximidade de Nené mareouna un pouco. Entón bicouna como o fixera tantas veces antes, e sinteuna tan fría... ¡tanto!, que lle quedou o seu tacto no beizo apegado, xunto a aquel silencio. Aquilo fixoa perder a fala durante días enteiros e desde aquela soubo que a morte ten friaxe e un certo saibo a caramelo amargo. A ausencia cheiraba a gasolina e a tenrura morna tamén sobre dos dedos. ■

(Do libro inédito "A africana do Seixo e outros relatos")

Loureiro de Carpaza

Paulo Martínez Lema

Era un homiño pequenote e moi avellentado de cara, anque conservaba case intacta unha frondosa melena selvática, entre canoso e azulada, matiz de cor que segundo el, conseguira de xeito natural e espontáneo durante a súa estadía na Arxentina como emigrante. Unha mañá, no cuarto da pensión en Avellaneda, mirouse ó espello e puido comprobar ó momento aquel cambio inusual na súa aparencia. Refregou os ollos.

—Arre carallo —dixo para si—, esto tivo que se-lo arroz con leite de onte... Demasiada canela, demasiada canela...

Pero gustáballe tal innovación, e deixouse estar como estaba.

Moi de novo aprendera algo das artes dos menciñeiros, e vivira cousa de tres ou catro anos canda Soutelo de Meira, o curandeiro do norte, na palloza que este tiña oculta por encantamento no castro de Viladonga. Daquel personaxe con fondos

ollos de lobo e estética estafalaria, Loureiro non só herdou unha pucha con visera, senón tamén o vicio -ou dubidosa virtude- de fumar tabaco en pipa. E eso si, unha pipa distinta cada día, que tiña cousa de quince ou vinte todas elas distintas, ben acochadas nun baúl do rocho, camuflado baixo unhas sabas. O seu tesouro. As pipas fóraas adquirindo en Buenos Aires, unhas en tendas de empeño, outras en troques gracias ós bos amigos que se botara na capital arxentina, e que sabían da teimosa afección daquel "gallego".

Loureiro aprendera a reservar cada pipa para un uso, e mesmo algunha delas conseguira compaxinala coa súa sabedoría de menciñeiro. Así, as mañás de outono recollía nas carballeiras certa herba —que só el e mailo Soutelo de Meira parecían coñecer— que logo fumaba nunha fermosa pipa chea de inscricións en latín que a cruzaban, encadeándose entre si e formando labirintos de sabedoría clásica. Segundo el, esta acción proporcionáballe o poder da videncia durante cousa de tres ou catro días, pero en todo caso unha videncia limitada, capaz de captar sucesos futuros nun radio moi reducido que chegaba polo norte a Vilalba e polo sur a preto de Pena da Mula.

—Pero algo é algo —dicía el comentando o caso—, e para algo me serviu, que mesmo cheguei a salvarlle a vida ó alcalde de Lugo unha vez...

Contaba aquela historia cunha estraña emoción na ollada. O señor alcalde, efectivamente, recibira unha mañá un agasallo anónimo, moi ben envolto en papel de cores, e cunha notifiña na tapa que puña: HUEVOS FRESCOS DE GALLO "EL MANJAR". PARA EL EXCELENTÍSIMO ALCALDE DE NUESTRA ROMANA CIUDAD. O señor alcalde atopou no interior do cartón unha caixa metálica con ovos dentro, e non eran calquera cousa: grandes, fermosos, case que perfectamente redondos, e cun relustrar saboroso que lembraba o dunha chaira nevada. O alcalde non o dubidou. Levado por un degoro estraño e denso que se lle puxo na cabeza, insistiu en comelos de contado, como almorzo. Neste recibiu unha chamada que lle fixo cambiar de opinión totalmente. A pel tornóuselle leitosa, quizais co medo, e en canto colgou o teléfono, guindou os ovos ó lixo botando mil pestes contra os malditos masóns, "rojos" e demais.



O que o chamara non fora outro que Loureiro, quen, na súa sesión matinal de videncia, acadara a ver que os tales ovos non eran senón ovos de galo de sete anos, dos que crían cobras, e que estas estaban listas para saír da casca tan axiña como o alcalde os larpase. Un atentado perfectamente pensado. Sublime.

—Pois si, de boa librou o alcalde gracias a min!

Chamárono onda el os concelleiros e pedironlle encarecidamente que delatase os autores do atentado, pero aí Loureiro negouse, porque non tiña gaña

de entrar en problemas con ninguén, fose do bando que fose. Esta lealdade ós seus principios foi precisamente a que impediu que hoxe haxa en Lugo unha Rúa de Loureiro Carpaza, ou incluso—¿quen sabe?— unha Rúa Salvador de Alcaides, que concelleiros hai con imaxinación de abondo como para argallar cousas semellantes.

Anque, a dicir verdade, a el tampouco lle importou en exceso o mal detalle. Simplemente daba unha calada á pipa que tocase nese día e dicía para si:

—Ai, vanitas vanitatis...

Ilustración: MIGUEL CUBA



A bossa

A Angeles

Arredor de min,
para esvarar sobre un mesmo
e desfeito encher de delicias as pupilas,
cobizosas de doces afagos,
cos que apremias os máis descoidados sentidos.

Cando a praia é unha realidade
en semiestivais e desacostumados solpores mariños
onde preto do Cairo artellaremos un soño filmico
fuxido do branco e negro.

Para por unha cor branca e arrecendo a rosa,
nese etéreo e sensual relatorio de ondas de marzo
que nos levarán na agónica primavera
co engado da túa bossa,
xa miña de por sempre,
nos reveladores amencerres
dese xuño irreal na doce noite da vida,
na cidade eterna.

Xosé Luis Sobrino

Perigos da lectura

Xabier López

O mago de Siam, e cómpre subliñar que desta volta o verdadeiro, o que arrecendía a incenso e a pachuli, a terra vermella e azul e anil de Oriente, e non Etienne Pample, aquel xogador de bolos que seica mordeu ó lobo Denis brindándolle unha feliz historia ó Sátrapa Trascendente do Colexio de Patafísica, o mago do Siam, íase dicindo, o verdadeiro, o poderoso e lacónico mago de Siam, decidiu saír do seu disfrace de santón alleado para lle revelar a Brais Covin, turista con máquina de fotografar no grave transe de ver que se esvaece o seu obxectivo — cousas da transmutación —, unha poderosa verdade.

—A felicidade só está nos libros.

E daquela Brais Covín, ó que o Oriente populoso inoculara a súa rede de famentos e fillos da esclusa, chagas e póstulas que se lavan, ai, ai, no río, povo que lavas no río, que talhas co teu machado, as tabuas do meu caixão, leré-leré, sentiu dentro del a poderosa necesidade de se entregar á lectura, tal se a cousa aquela — lectura — fose unha man que lle cravase as unllas no peito, furgase, e lle apertase o corazón, leré-leré, coa cobiza dun tigre que xa catou carne humana. Por unha bágoa, un libro; por un sufrimento, un libro; por unha inxustiza... un libro. Libros e máis libros por máis e máis laios e choros e ollos abertos contra o ceo impávido...

Regresou á súa vila, visitou o arrabaldo secreto, e daquela leu tres libros. Axexou velorios, orfanatos, hospitais, e daquela leu dez libros. Zafoneou rente do cárcere, dos calabozos e os sotos húmidos, e daquela leu quince libros.

Acendía o televisor, asistía ó telexornal — África, América, Europa, Asia, Oceanía — e no tempo da información deportiva, xa estaba a ler libros.



Por un disparo, un libro; por unha cadea, un libro; pola campaña da Bolsa... un libro.

E de certo que non sabemos se o Mago do Siam, empoleirado na súa columna de santón, parou a pensa-lo alcance das súas palabras, o efecto que poderían chegar a te-las súas sentencias de incenso e pachuli, e terra vermella e azul e anil de Oriente, no siso daqueles turistas que se dedican a fotografar con espanto á xente miserenta que lava as chagas e mailas póstulas no río, ai, ai, ai, no río, povo que lavas no río, que talhas co teu machado, as ta-

buas do meu caixão, leré-leré. Se cadra, xa que recobrou a fasquía de santón, non estea senón a pensar nos biosbardos, escoitando o leve zunido da barba a medra, os chios karmikos do xaxún. Alá el, daquela, o verdadeiro mago do Siam, que non sei se mellor lle sería se-lo falso, Etienne Pample, o que trabou a Denis e lle esfarrapa o corsé a dentadas a unha corista para o conforto e deleite do Sátrapa Trascendente do Colexio de Patafísica.

Sexa como for, Oriente lonxano, qué lonxe, qué lonxe, Brais Covín leu coa voracidade dun tigre, tal vez o mesmo que lle apreixa o corazón, leré-leré, desque escoitara as palabras engaioladoras do mago do Siam. ¿Que os índices de lectura son irrisorios, qué onde se pensa ir con tan paupérrimos datos, qué manda truco coa educación popular? Nada... Aí estaba Brais Covín a ler por mil, como acontece con eses ricachos lambe-ostras que fan medra-los índices da renta per cápita. (Por unha bágoa, un libro; por un sufrimento, un libro; por unha inxustiza... un libro). Xa ninguén lembraba a Brais Covín con outras cousas baixo o brazo que non fosen libros. (Por un disparo, un libro; por unha

cadea, un libro; pola campaña da Bolsa... un libro).
Ata se esqueceu o seu nome de pía, Brais, e a xente chamáballe Leo.

—¿Que fas?

—Leo.

—¿Pensas?

—Leo.

—¿Dormes?

—Leo.

Leo, leo, leo. Tal vez ese fose o nome do tigre que lle apertaba o corazón, leré-leré, sacramentado pola benzón da Sacra Irmandade Felina,

que tamén haberá tigres a quen chamen León, como Papas houbo con tal nome, aguerridos—que non estrañe—, tamén os houbo Lucifer. E a cousa foi que tanto e tanto leu Brais Covín para a xentiña, que ós poucos conseguiu unha cultura capaz de virar parviola a máis alta eminencia. Polo que respecta o mundo, este mundo noso global, único, redondo, seguíu a ser tan miserento, infeliz e inxusto, como sempre fora. A esterqueira que tan ben coñecemos. ■

Ilustración: LUIS OTERO



Lisboa

Coller o barco no Cais do Sodré
e cruzar o ancho Texo a Montixo
-que fora Aldeia Galega noutrora-
Alonxarse de ti para admirarte
dende a vea fluvial que mente oceáno
xa que agora non son os bosques
vedraños de mastros a cobrirte.
Abranguerte coa ollada
e posuirte enteira por un intre
dominando altiva sobre as augas

Eras loira de fermosura algo apagada
que dicia doutras primaveras
solteira na corentena ou quizais xa viúva
de sobrio negro vestida
madura beleza como froito en outono
tiñas a mirada triste e ausente
e unha serea elegancia seductora.

Por un momento os meus ollos
percorrendote enteira
atoparon nos teus un brillo incitador.

E resolvín amarte
cando o barco chegara á outra ribeira...

...mais fuches ficando máis lonxe
-tanta auga por medio-
e o brillo da tua ollada esvaida
apenas ía xa chegando até min

LISBOA...

Suso Torres

(1994)

Poesía para que non te asustes no verso 25

Inverno viña rindo de soles no teu corpo
e ti aparecías nos soños cos beizos mal pintados
e os ollos cheos de chicle...
Logo berrabas o nome correcto cunha seguridade diabólica,
como para collerlle medo ó mundo,
como quen chama por Lucía
e Lucía non sabe por quen chaman...
Quero que me escoites cando fale do incendio das raíces
porque doen tanto coma o diario dun condenado.
Quero que me escoites cando diga que todo é certo
e non hai verdades,
cando diga que todo é mentira
e non hai mentiras...
Escóitame nas entrañas.
E non te atrevas a vulgarme nesta escura casa de xoguete
porque nada sabes do meu amor polos caleidoscopios,
do meu amor por ti en metacrilato,
da túa figura entre espellos e purpurina...
A min ninguén me presentou formalmente os límites,
e disfrazada de alegoría
ás veces esquezo sorrir dende o chan.
Iso si, cando sexa quen de deixar as metáforas,
vas ver o que é unha poesía núa,
morta de frío e de liberación.
Si, é unha ameaza.
Tamén é unha poesía de nomes propios
de crueza esaxerada
e proposicións tan indecentes que menos mal que non son quen
de deixar as metáforas...
E primavera mitificaba a neve no medio das ruínas.



Lucía Aldao

Tempo de medras

Desespero desorientada
no pulso das idades
porque teño saciado a miña sede
de curiosidade que me deixaron
tebras amargas no padal.

E agora non hai sorbo de azucre
despois da menciña
para borra-lo seu sabor
tan curativo como repugnante.

Agora son maior para esas cousas

¡Maldita sexa!

Gabriela Rodríguez

O CASACO A camisa, uma gravata de duas cores
e esta agonia (espécie de contentamento)
do outro lado do muro
para onde poucos olham

o homem veste pela última vez
um murmúrio, a inocência nos olhos
um lençol que se estende
a todo o campo

o hóspede abandona a casa, para sempre
esquecendo até que fora recebido
minutos depois de uma morte
- uma porta entre muitas

não reclama dentro do coração
a sombra a tapar metade da fotografia
desta cidade guardo a data de nascimento
um telhado, uma figura na neblina

as crianças correm para o rio
mesmo que fique a cem quilómetros de distância
o medo permanece, mesmo nos melhores livros
abre a janela, ao fundo do bosque

entreolha essa gota de suor
vem mostrar um rosto quase escondido
a música, uma ponte que não termina
e só assim alcança esta margem



Ruy Ventura



Sotavento

Não sei se
alguma ave inquieta
ou cálida aragem
me arrebatou no sonho
Não sei de que
vulnerável manto
se cobre a alma
quando voa longe
Não sei que
transitórios passos
fizeram este caminho
de tanto sol
de tanto mar
de tanta cal

Apenas sei que
deve ser esse o lugar onde
o poema e o sangue
viajam sob a mesma pele.

Margarida Parreira Alves



Ilustrações: OLAlA

Marxinación e represión

temas a debate no marco do Festival de Huelva

Miguel Castelo

O Festival de Cine Iberoamericano de Huelva, que entre o 17 e o 24 do mes de novembro desenvolveu a súa vixésimo sétima edición, reuniu outra volta unha selecta escolma dos filmes máis recentes de fala hispana, sen facer de menos á última produción do Vello Continente. Produtores, directores, actrices e actores e xentes diversas das dúas beiras atlánticas achegaron-se á capital onubense para participar neste anual evento. Mesas de debate e colóquios diversos foron o axeitado complemento das múltiples e interesantes proxeccións cinematográficas. Huelva e o seu festival converteron-se así, un ano máis, no punto de encontro e caixa de resonancia das cuestións cinematográficas e, por ende, sociais e políticas de América Latina.

Por segundo ano consecutivo, o Festival de Cine Iberoamericano de Huelva abordou un dos temas máis dramáticos da realidade do conxunto dos países iberoamericanos. O apartado "Juventud y marginación en Iberoamérica" recolleu na súa segunda edición a proxección de títulos tan significativos sobre a cuestión como *La ciudad y los perros*, de Francisco J. Lombardi (Perú, 1985), *Caluga o menta*, de Gonzalo Justiniano (Chile, 1990), *Tango feroz*, de Marcelo Piñeyro (Argentina, 1993), *La vendedora de rosas*, de Víctor Gaviria (Colombia, 1997), *Fuga de cerebros*, de Fernando Musa (Argentina, 1997), *Pizza, birra, faso*, de Bruno Stagnaro e Adrián Caetano (Argentina, 1998), *No se lo digas a nadie* de F. J. Lombardi (Perú, 1998) e *La Virgen de los sicarios*, de Barbet Schroeder (Colombia, 2000).

Esta ollada cinematográfica, diversa e heteroxénea, sobre a convulsa década dos 90, tivo o lóxico complemento na celebración dunha ampla mesa redonda na que tomaron parte as voces máis autorizadas sobre a materia, e na publicación do libro "Cincuenta años de soledad. De *Los olvidados* a *La Virgen de los sicarios*", da autoria do avogado, xornalista e escritor chileno Rodomiro Spotorno, coeditado polo Festival e a librería Ocho y medio, de Madrid.

Torturados e "desaparecidos"

A traxédia dos torturados e desaparecidos perante as ditaduras arxentina e chilena tivo, asimesmo, un importante espazo no marco do certame onubense. O cinema cumpriu e segue a cumprir un importante cometido na difusión e coñecemento de tan tristes e luctuosos feitos. "Se a represión sufrida por Guatemala, de igual magnitude

do que a arxentina ou chilena, non tivo a mesma repercusión, debe-se á falta de reflectimento nunha cinematografía propia", explicou Francisco Millán, xornalista e escritor cinematográfico, profundo coñecedor da realidade sudamericana. O seu libro "Memoria agitada: el cine de la represión en Chile y Argentina", presentado no decurso dunha mesa redonda sobre o particular, constitúe un estudo minucioso e profundo das circunstancias sociais en ambos os dous países, así como do tratamento que o cine fixo das mesmas.

Algunhas das películas máis representativas, tanto de ficción como de carácter documental, sobre o tema fixeron, asimesmo, parte deste apartado. Así, as arxentinas *Garaje Olimpo*, de Marcho Bechis, *La Historia oficial*, de Luis Puenzo, *Un muro de silencio*, de Lita Stantic, *Los chicos de la guerra*, de Bebe Kamín, e *La República perdida II*, de Miguel Pérez; e as chilenas *Acta general de Chile*, de Miguel Littín, *Amnesia*, de Gonzalo Justiniano, e *La Frontera*, de Ricardo Larraín. ■



MA NÁ

a Elvi Pardellas



As mámoas de Galiñeiro

Da ermida da Ascensión (Monfero) á de San Vitorio (Cambás)

Xosé María Veiga Ferreira
Juan Sobrino Ceballos

No elevado emprazamento das estribacións da Serra da Loba, marcando xa os límites da nosa comarca, atopamos un dos enclaves máis ricos do patrimonio arqueolóxico de Galicia ademais dunha paisaxe verdadeiramente impresionante pola súa altura e soidade. Trátase dun grupo de enterramentos prehistóricos (mámoas) delimitadas polas ermidas da Ascensión e de San Vitorio. Chama poderosamente a atención as tentativas de cristianización do lugar, así temos en pouco menos dun quilómetro ás mámoas, dúas ermidas e tres cruceiros.

Algúns dos enterramentos ou mámoas foron escavadas en 1944 por Arsenio García Freire baixo a dirección de José María Luengo, que lles deron o nome de *Campo de mámoas de San Vitorio*, polo nome da ermida. Catalogáronse un total de 13 mámoas entre San Vitorio e o Cruceiro da Loba. Presentan forma oval ou case circulares, e os eixos están entre 12 e 14 metros. Na escavación non se atopou obxecto algún xa que todas sen excepción foron violadas polos buscadores de tesouros. Poderían encadrarse cronoloxicamente na última época do período eneolítico. Vaquero Lastres nun estudio realizado hai poucos anos sinalou 21 destes enterramentos entre a Serra das Medoñas e Galiñeiro.

Nestes traballos esténdese o grupo de mámoas entre a ermida de San Vitorio e o Cruceiro da Loba, e non se contabilizou outra posible mámoa situada a cincuenta metros da capela da Ascensión, que ampliaría así entre as dúas ermidas o campo de enterramentos.

No folclore das xentes recolleemos que se dicía que usábanas os *mouros* para defenderse cando había guerra. Foron tamén usadas como trampas para lobos: *“Poñíase un caínzo enriba cunha ovella ou un carneiro atados. Cando o lobo quería collelo*

subíase ó caínzo e este daba a volta e o lobo caía dentro do furado da medoña.”

Representan un conxunto arqueolóxico bastante ben conservado, pero as terras nas que están situadas son de propiedade privada. Isto presenta un factor de risco xa que o que noutros tempos eran terreos baldíos convertéronse en prados e terras de labor con todos os problemas que esto leva. Así hai aproximadamente un ano a prensa deu noticia que unha delas fora agredida por un tractor ó roturar uns terreos.

Nas inmediacións da ermida de San Vitorio os axentes atmosféricos moldearon unhas penedas con formas curiosas, unha delas é a *Pisada de Roldán* (coñecida xa así no Catastro de Ensenada do s. XVIII). É unha cavidade en forma de pé de 1,88 m. de larga por 0,74 m. de ancha na planta e 0,50 no talón cunha profundidade de 20 cm. Estas cavidades están firmemente ligadas ás crenzas populares, que as atribúen a personaxes famosos e Santos. Roldán –recollido no dicionario dos seres

míticos galegos-, paladín dos Doce Pares de Francia e sobriño de Carlomagno que o pobo converteu en San Roldán. Chegou coas tropas do emperador e axudou a expulsar ós mouros. As lendas din que deixou a súa pegada ó baixarse do cabalo neste lugar sagrado. Outras lendas din que pisou no penedo e achancou ata Os Villares en Parga, onde hai outra pisada semellante. O nacemento destas lendas estivo ligado á existencia do camiño de peregrinación a Santiago que pasaba por este lugar.

Nas inmediacións atopamos a *Pena do Queixo*—porque ten forma de queixo- e a *Pena do Fume*, porque cando chove méteselle a auga por uns furados que ten e sae por outros como se fora fume. E máis que probable que fosen todos estes factores que influísen



CRUCEIRO DE SAN VITORIO

na existencia dun culto litolátrico que xunto coa presenza das medoñas, dese lugar á construción das ermidas neste sitio descampado e lonxe de lugar habitado, para borrar coa influencia cristiá o culto pagán anterior.

As ermidas da Ascensión e San Vitorio teñen entre si unha certa relación, xa que ademais de seren creadas para a substitución do culto pagán anterior, e a pesar de pertencer a concellos distintos actualmente, celebran cada unha a súa romaría no mes de maio, mes no que os santos xúntanse nunha soa capela, cristianizando co seu paso todo este recorrido.

A ermida da Ascensión (chamada así porque está no monte da Ascensión), aínda que nalgún tempo foi tamén coñecida como *Calvela*, presenta unha construción de tipo popular nunha vagoada do terreo de forma rectangular con tellado a dúas augas e porche con columna. No dintel da porta podemos ler a seguinte inscrición: ESTA CAPILLA HIÇOSE ANO 1767. No interior ten unha sorprendente decoración de puntos que pode estar relacionada coa crenza nos poderes curativos da auga da fonte que había neste lugar.

A fonte era de cantería, pero xa hai anos que a auga é recollida para unha traída dos veciños. As pedras da fonte están apartadas e parece que se vai reconstruír de novo. Alí ía moita xente para quitar os males da pel, principalmente a sarna. Lavábanse ca auga da fonte e os trapos que usaban para secarse deixábanos encima da silveira para que segundo ían podrecendo o trapo fose curando a enfermidade. Nos anos cincoenta e sesenta aínda ían romeiros a lavarse. Celebrábase a romaría o 15 de maio e pode escoitarse por boca da xente a seguinte aseveración: “*Tres días hai no ano ano que brillan coma o sol: Xoves Santo, Corpus Christi e o día da Ascensión.*”

Ten un cruceiro granítico, con fuste disminuindo en altura, baixorrelevo do Cristo e a Virxe bastante toscas. Non ten capitel. Pode ser da época da construción da ermida, pero polas formas

ERMIDA DA ASUNCIÓN



ERMIDA DE SAN VITORIO

primitivas das imaxes e a solidez, pode ser que se tentase de cristianizar o lugar coa instalación do cruceiro e máis tarde se construíse a capela.

A ermida de San Vitorio presenta claras similitudes coa da Ascensión, tamén de construción popular con grandes bloques de granito, presenta planta rectangular con pórtico sostido por un muro baixo, sobre o que se eleva unha columna. A porta adintelada con cruz de brazos triangulares ou signos lapidarios. A cuberta é de lousa e remátase nunha cruz. A imaxe do San Vitorio leva túnica curta e manto tamén curto.

Cóntase que foi construída a ermida e o cruceiro no 1560 por unha persoa devota que non tiña descendencia e que no seu testamento cedeuna a uns veciños do lugar xunto cunhas terras para o seu mantemento e a obriga de celebrar a romaría do San Vitorio na terceira semana de maio (22 de maio). Estes veciños eran os irmáns Caínzos, que son os actuais donos da ermida.

A igrexa celebra tres santos co nome de Vitorio. Curiosamente, en moitos lugares este santo é avogoso da sarna. O San Vitorio de Cambás non era avogoso das enfermidades da pel—para o que xa estaba a fonte da Ascensión—, pero disque tiña boa man para os animais e as colleitas, polo que era normal ver ós romeiros no seu día con pezuñas, orellas e cacholas de porco e espigas de maínzo. Estas dádivas axudaban para celebrar o día da romaría, da que estaban encargados os irmáns Caínzos. Hai algúns anos deixou de celebrarse por cuestións alleas ós propietarios.


Entre as dúas ermidas está o Cruceiro da Loba, á beira do camiño Real de Monfero a Guitiriz e que divide os concellos de Monfero, Aranga e Guitiriz (Lugo), e polo tanto as provincias da Coruña e Lugo. Neste lugar existía a coñecida como Casa da Loba, pero foi derrubada hai algúns anos e actualmente non se conserva ningún resto. Aquí dise que se refuxiaba unha célebre salteadora de

camiños coñecida como Pepa a Loba. Este personaxe, igual que o de Roldán, aparece moi frecuentemente no folclore de Galicia, aínda que non fose un personaxe real. No lugar da Torre (onde apareceu unha figura de acibeche, publicada por Vales Villamarín) hai un dintel antigo nunha casa cunha cruz gravada, e ó lado desta casa hai unha torre semidestruída que por alí din que era o Pazo da Loba. Hai que recordar que o nome de Lupa era frecuente na época medieval, polo que tampouco ten que ter unha relación directa coa coñecida salteadora. Neste mesmo lugar hai uns anos encontrouse unha cadea de ouro grande, tipo Bispo, e cinco moedas de ouro; todo este tesouro foi vendido a un señor de Lugo. ■



CONXUNTO DE MÁMOAS

A PISADA DE ROLDÁN



MAPA DA ZONA,
ESCALA 1:25.000

FOTOSVEIGA

Lembranzas e enredos de infancia e xuventude

Pra os do meu tempo

Ángel López Veiga

Este texto evocativo dos xogos e enredos da infancia e adolescencia escrito por un emigrante betanceiro na madurez ou outono da vida, foi publicado en Buenos Aires, na revista do "Centro Social Betanzos" de agosto de 1933 co título de "Pra os do meu tempo", que máis ben parece unha dedicatoria. O ciclo anual, cos xogos e enredos, festas e romarías, procesións, tradicións populares (a rifa do porco, as lumeiradas o Antroido, as lumeiradas, os maios, o Turito...), os espazos e recunchos amados, personaxes do pobo (o Roxo, a Mansa, a Rocha, Don Fausto, o Durán, o Paradela), o paso da infancia á adolescencia co despertar á sexualidade... Todo iso vai desfilando nas lembranzas infatís dun home que as evoca sentimentalmente dende a lonxanía da emigración arxentina, da que non conta voltar, ao xeito dunha "idade de ouro" perdida que tería acontecido a finais do século XIX ou principios do XX.

Actualizouse a grafía (acentuación, cambio de y por i) e corrixíronse erratas, conservando o léxico e os xiros empregados, mesmo que fosen castelanismos, e introduciuse o antetítulo que dá unha mellor idea do contido.

Empezamos a camiñar... e comencemos a xogar. O primeiro, a roda cas rapazas, o peletre, a corda; vamos detrás do que bota o bando, da música que o día de Reis vai tocando polas portas dos que algo poden dar; cos Reis, cos Maios, cos Mómáros, cas danzas, co porco de San Antón, co Turitu... e ca saída da escola de mulleres termina a primeira infancia, pra, ca entrada na de rapaces, empezar a maoría de edá da xuventú. Atreo do convento de San Francisco, de Santa María, de Santiago, de Santo Domingo; Alameda, Praza do Campo, Soportales do Peirao; Eira vella, Casas vellas, calexas e calexós do noso querido Betanzos: oxe, homes, non podemos lembrarnos sin que as bágoas nos aneguen os ollos.



ATREO DE SAN FRANCISCO: Si viviramos siglos e non te volveramos a ver ¿cómo se nos iba a esquencer cando entre os croios que tiña alí acurrunchados o Axuntamento pra reparar as milenarias calles do noso pobo, facíamos unha cova pra que o sereno non nos vira, e adeprendíamos as primeiras leccións de baraxa, practicando todos os xogos que tanto nos iban a valer hoxe pra tomar un café con leite e medias lunas ou outras larpeiradas, sin pagalas, cando os contrarios non se recibiron naquela universidade?

TEMPO DO DEMANO: Quen non tiña un peso de ferro dulce pra que fuxira lexos?

TEMPO DA VILLA: Cando nos dábamos xeito pra ter un palau de toxo ben dereito e unha

villa de buxo ben saltona, ¡cantas gorras se furaban ó collela!

TEMPO DO PEÓN: Canto valía a amizade de un bo carpinteiro pra telos de boa madeira con un bo ferrón pra levantalo na uña; pois os que vendían feitos, a patacón, abancáballe o ferrón, non dormían ben, non botaban ben a firma, araban moito, e escachábanse enseguida. E as piolas ¿quén as tiña mellores que os da Calle dos Ferreiros, si alí naceu a industria? (As da fábrica non servían). Acórdome ben que o Roxo, con unha roda de un despertador, fixo unha máquina. Mandábanos roubar na casa medias das calcetadas, desfaciámolas, e co fío faciámolas caseiras, e pra que foran máis fortes untábamolas cas velas que en Semana Santa estiveran ardendo no altar maior, e que nosas nais gardaban no armario pra alexar os males. E ¿cómo non iban a ser boas si estaban impermeabilizadas con cera bendita? Despois vendíamolas a perra ou a patacón, según o gordor que tiveran, e cos cartos comprábamos zonchos, rosquillas da Mansa ou castañas cocidas da Rocha.

TEMPO DO CHE: Lameiras do monte Jurujú; ¡cánto traballo pra facelas! ¡Cómo tiñamos sempre o ché con unha brocha de ala de mosca na punta pra que non fixera barba si topaba algunha cuarta que meteran os de outro barrio! ¿Quén non tiña no peto unha punta de piso ben afiada pra xogar na escola cando o maestro non vía?

O PICAR: ¡Cómo había que elixir pedras que non foran chocas, e canto había que coidar que o contrario non lle sacara un anaco á palla que facía de palmo!

TEMPO DOS BOTÓS: ¿Quén foi o que lles estableceu o valor que todos admitiron? Duas formas, valían un botón. Os de cristal, un e medio; os de tropa, según escasearan; dous... tres..., catro ou cinco. O que si, a calquera que lle abancara o pé,

non tiña valor.

Cofecín un rapás que adeprendía pra tendeiro na Alborada, que sempre tiña no peto caixas de formas noviñas do trinque... e había que ver os fillos dos xastres como querían xogar con el.

O valor en cartos era vinte por unha perra. A cantos lle perdonei a leución por dous botós que na mesma escola se arrincaran da roupa.

OS SANTOS: ¡Cómo apañábamos as caixas de mistos pra xogalas logo! Quén non se acorda das coleucións das de estalo?

Os Zancos, Filderecho, Xusticias e Ladrós, A Churra, de catro ou cinco, onde había que saltar astra o pirmeiro, pra que os outros tuveran sitio.

¡Corruncho da Igrexa de Santa María, o mellor sitio pra que subiran as cometas: algún días se fará aí a estatua do inventor da trampa pra cazar aguinchos.

TEMPO DOS NIÑOS: ¡Qué tristeza a nosa, ao ver que algún niño de carrizo, de verderolo ou de peizoque, que nos outros solo sabíamos, cuxeitou!

Varetas de visgo nos regachos; peles entre escolas, entre calles, con zonda e tirabalas, camiño das Cascas. ¿Quén non ten un cacho de cabeza sin pelo, como recordo?

Viouteiros da Magdalena; de ti salían os

mellores estalos. Rifa do porco de San Antón, que en canto sacaban o as de copas que había no palco da música, o número premiado, todos a unha berrábamos: ¡tocoulle a Don Fausto! E en toda a tarde xa non saíamos da súa porta.

Pascoa; o xogo das cazolas; os bolos dos padriños; festas da Magdalena... dous meses antes xuntando perras pra merenda. Candelaria, Antroido, o Apropósito; bailes da Camelia, do Liceo; sabrosos anises e almendras que tiraban as comparsas; lacón, filloas, orellas; burro feito con pano, que untábamos con tiza roubada na escola, pra poñerlle na espalda aos aldeanos que viñan á feira da Vila, e despois berrar: ¡e lévao... e lévao...!



SEMANA SANTA: Os xudíos de Santa María, os pasos da Procesión dos Caladiños, O Encontro, o Desencravo, o Enterro, ¡Novenas de San Francisco! Si os porcos de esta igrexa falaran, ¡cántas pillerías contarían! Lumeiradas de San Xoán e San Pedro. Dous meses roubando leña pra ver quen a facía máis grande. Erguerse cediño e ir por carreteras e atallos a roubar cereixas que non tiveran berme. Tristeza a nosa cando en vípera de festa chegaba un revolve tempos. Tampouco nos alegraba moito cando o maestro nos decía que lle leváramos unhas varas de tarai.

San Paio, Santa Marta, San Isidro, Santa Ana, Niño Dios, Espírito Santo, Ascensión, Os Alborotados, Os Remedios, A Angustia, Fray Pedro Manzano. ¿Quén non recorda ao cura, cando desde o altar berraba: ¡A cera, ao sacristán; a carne, á miña nai... e o diñeiro, a min! ¿Quén non botou moza en algunha de estas romarías?

¡Bancos doubles da Praza do Campo, debaixo dos que nos metíamos esperando que se sentaran os namorados... pra facer o que non debíamos! Campo da Infesta; organillo do Durán, onde iban a bailar as mozas, e as que nosoutros entreteñíamos en sacarles do seu sitio o que se habían posto pra encher o que non tiñan, ¡cántas tundas nos costache!

Horta da señora Peregrina ¡cánta fruta lle

roubamos e cánto a fixemos rabiari!

TEMPO DA PELOTA: As que máis se vendían eran as de cuarterós de baieta, patentadas polo Paradela. Tamén se facían de lana, de pedazos de goma; pero as mellores (o que si había mui poucas) eran as de non sei qué de burro, que iban buscar ao xuncaliño das bestas.

TEMPO DE BOTARSE A NADO: ¡Gavias do Carregal!, onde recibimos as leucióis pirmeiras; ponte da Pontica, a volta da Cangrexreira; tirarse das pontes de pinchagato; carreiras pra coller as mazás que viñan polo río, ao que moitas veces había que atravesar coa roupa na cabeza, nadando, porque viña o dono do xuncal, pra atoparse despois con que ao ir a vestirse non entraba a camiseta ou o calzoncillo, pois habíanlle feito unha roula mollada. Amistade cos dos queches da ribeira, pra que nos prestasen a chalana!

E agora preguntovos eu: ¿Qué demos de presa tuvemos pra deixar aquel xardín, si anque viñéramos no último barco, sempre houbéramos chegado a tempo o mesmo pra deixar aquí os osos?

San Roque de 1933.

Ilustracións: LUISOTERO



NENOS XOGANDO
"Llibre d' hores". Século XV.
Real Colegio de Corpus Cristi. Valencia.

2001

Maxi Rei

A música que Strauss compuxo co mesmo título da obra de Nietzsche vennos á cabeza con recordar esa grandísima película de Kubrick, ubicada, segundo se desprende do título, neste ano que temos por diante: son moitos os temas que se poden sacar dela e aínda máis as reflexións xa que non deixa as cousas claras e cada quen pode interpretala como quere ou como pode; a entrada no novo milenio concebíase na imaxinación de Arthur C. Clarke, así como de tantos outros escritores dese xénero, como a conquista do universo pola humanidade, o ser humano, acostumado a deixar tras de si tódalas fronteiras que se lle poñen por diante non ía facer unha excepción co universo; esta odisea era, como debe ser en orixe toda odisea, un regreso á condición humana que a tecnoloxía está a piques de facer perder (Hal 9000), a eterna pregunta se algún día seremos escravos das máquinas, como fondo filosófico unha viraxe epistemolóxica sobre o problema do ser.

Mais esa fascinación polo espazo como derradeiro horizonte fainos esquecer moitas veces onde temos os pés e esquécese, porque a xente é así, que todo canto se anda procurando por aí fora con tan sofisticados telescopios está aquí: a exploración espacial, e por tanto a conquista do espazo arrinca da rivalidade bipolar da guerra fría, non foi tanto o afán de investigación como o prestixio nacional o que levou a norteamericanos e soviéticos a mandar satélites e naves ó espazo, e cando os primeiros chegan á Lúa chantan nela de xeito ben claro a súa bandeira, o estandarte imperial, que non se diga. A exploración espacial e a conquista de novos planetas para seren habitados pola humanidade é un completo despropósito: un tema só válido para a produción literaria ou cinematográfica, ou sexa, pura ficción e quen diga o contrario que beba menos. Só pode ser de papanatas tratar de atopar trazas de vida polo

espazo adiante cando aínda non se coñecen tódalas formas de vida que hai neste planeta; só un gillado da cabeza entende que se explore antes a superficie de Marte que os fondos mariños dos nosos océanos; dous exemplos:

1) Estabamos acostumbrados a saber que as enfermidades se transmitían mediante dous tipos de axentes infecciosos: os virus e as bacterias, pois ben, o mal das vacas tolas (EEB) transmítese mediante unha proteína (!);

2) atopouse un exemplar de calamar xigante morto... é o animal invertebrado máis grande que se coñece e aínda non se viu vivo.



Esa grandiosa estación espacial que están facendo aló arriba é unha perfecta inutilidade que non servirá para nada e dentro duns anos (moi poucas décadas) rematará por caer á Terra en forma de chatarra espacial: millonarias inversións a fondo perdido. E é así: canto máis enchemos a cabeza con esas tringalladas máis nos

esquecemos dos grandes problemas que afronta a humanidade: crecemento demográfico, contaminación do chan, do aire, da auga, guerras larvadas (que agora chaman "conflictos de baixa intensidade"), os gravísimos problemas que azoutan ó terceiro mundo... e como non: o armamento nuclear, un perigo do que a xente non é consciente, xa que unha guerra deste tipo remataría con toda forma de vida no planeta que máis formas de vida ten —tantas que aínda non se sabe de todas— de todo o universo.

Hai moitísimos problemas que desfacer neste século que temos por diante, aínda nos queda moito por coñecer no noso planeta antes de andar de paseo —e de cachondeo— polo espazo, ese tema deixémolo por uns séculos para os que escriben destas cousas e os que fan películas. ■

Curiosas historias duns botes

Xesús Torres Regueiro

Hai algún tempo tivemos ocasión de curiosear no arquivo da Comandancia de Mariña de Sada, ou no que queda del. Alí atopamos datos verdadeiramente interesantes para o que é a historia miúda dun pobo vencellado de sempre á ría e ao río. Como todos vostedes saben a ría de Betanzos estivo e está gobernada administrativamente por esa Comandancia, polo que todas -ou case todas- as embarcacións que navegan na ría levan a súa matrícula.

Lamentablemente, o arquivo da devandita Comandancia foi moi maltratado, sacrificándose nalgún momento por mor do espacio a documentación máis antiga. Así o caderno-rexistro de embarcacións máis vello que conserva apenas se remonta un século atrás, principiando no ano 1888.

Remexendo nese cuaderno chamounos a atención, entre outras cousas curiosas, a longa historia de dous botes que sucaron durante décadas o Mandeo. É deles dos que vou falar, deixando para outra vez outros temas como as dinastías das carpinterías de ribeira, a picaresca das matriculacións ou os nomes curiosos dalgunhas embarcacións.

No folio 600 aparece matriculado un bote de Sada, de nome «José», de 5,82 metros de eslora, construído no ano 1891 en Perbes, onde había moitos e bos carpinteiros de ribeira, entre eles os Picos, dos que saíron os Bedoya Picos que mantiveron un pequeno asteleiro en Betanzos nas

décadas dos cincuenta e sesenta e posteriormente en Pontedeume. Pois ben, no 1904 o bote citado pasou a propiedade dun veciño de Carnoedo e no mesmo ano este revéndello a un de Ares. No 1912 comenza a súa historia betanceira e a sucar as augas do Mandeo ao ser mercado polo veciño de Betanzos Francisco Freire. Tres anos despois, no 1915, este véndello ao veciño Manuel Portela Beade, quen o manterá dezaseis anos no seu poder. No 1931, comenzando a II República, mércalo Ramiro Muñiz, quen lle troca o nome polo de «Paxaro», alcume familiar. Dezaioito anos despois, no 1949, Antonio Edreira Muñiz mércallo á viúva do anterior propietario e o bote pasa ao folio 157 da 4ª lista. Neste momento o bote tiña xa case sesenta anos e pasara por sete propietarios diferentes. Non sei se é que realmente se trata dunha vedraña embarcación que soportou todo tipo de avatares ou dunha nova aproveitando os papeis da vella, picaresca dabondo extendida no noso tempo.

Outra historia curiosa é a de outro bote, de nome «Eugenia», construído case pola mesma época que o anterior. Matriculado no 1893 por un veciño de Betanzos, pasou por cinco propietarios durante cincuenta e un anos. O dono véndeo no 1924, xa con trinta anos ás costas, revéndese no mesmo ano e o novo propietario véndeo no 1942. Aínda voltará a ser vendido no 1944.

E esta é a historia que poderíamos chamar oficial. A outra, máis íntima e cotiá, a que non ficou escrita en rexistros e documentos, sería aínda moito máis interesante. Falaríanos de xeitos de vida e de trafegos, transportando colleitas das monterías de Ribalta ou de Sarra internándose no labirinto das xunqueiras, de xornadas de pesca ou marisqueo no areal do Pedrido, e mesmo de lecer, bicando a onda salgada na Xurela ou remontando o Mandeo festivo en día de Caneiros.



A GALERA.
Foto G. DÍAZ.
(Anuario Brigantino, 1948)

A breve estancia de Borrow en Betanzos



GEORGE BORROW POR JOHN BORROW, 1821.
National Portrait Gallery, Londres.

GEORGE BORROW (1803-1881), escritor e viaxeiro inglés dedicou parte da súa vida a difundir a Biblia por diversos países europeos por encargo dunha sociedade protestante. Froito das súas andanzas pola Península sería o libro The Bible in Spain (1843), que acadou un notable éxito facendo popular ao autor. Non foi ate 1921 que se publicou a traducción ao español, a cargo de Manuel Azaña. Por terras galegas andivo "don Jorgito o inglés" (como era popularmente coñecido) polo mes de xullo de 1837 (ano do nacemento de Rosalía). Neste "extraño e bárbaro país", Borrow, afeccionado aos estudos lingüísticos, atopouse co galego, "extraña lingua". Procedente dos ermos casteláns entra pola agreste paisaxe de Foncebadón e As Nogais. Viaxa en cabalarías acompañando dun criado grego e cunha carga de biblias que viña de imprimir en Madrid. Logo dunha semana en Lugo, parte cara A Coruña, acompañando a escolta do correo a causa da ameaza que representaban os ladróns e partidas de facciosos (mesmo estará a piques de ter un incidente na ponte da Castellana), facendo noite en Betanzos. A nosa cidade resultaralle desagradable polos cheiros e suxedade

que observa en rúas e casas, impresión quizá mediatizada polo mal humor que lle ocasiona un incidente cun albeite. Betanzos deixara de ser provincia catro anos antes, coa artificial división provincial imposta pola monarquía borbónica que mesmo anulaba o teórico reino de Galiza. (S. T.)

«**C**hegamos a Betanzos, á tarde baixa. A cidade está nunha ría, a certa distancia do mar e a unhas tres leguas da Coruña. Rodéana outeiros por tres lados. O tempo estivo cuberto e ameazador ao longo de cáseque todo o día; en chegando a Betanzos, a densidade e pesadez da atmósfera eran insoportables. Por toda a parte os cheiros atacaban o noso órgano olfactivo. As rúas estaban moi porcas, as casas tamén e moi especialmente a pousada. Entramos na corte, que estaba estrada de argazo e outros desperdicios, onde se revolcaban os porcos. As moscas zumbaban arredor, moi gordas e noxentas. «¡Isto é unha peste!», exclamei. Mais non había outra corte e tivemos que atá-los infelices animais a tan suxos pesebres. O único penso que puidemos darlles foi millo. Á noitiña levámoslos a beber no pequeno río que pasa por Betanzos. O enteiro bebeu con ansia, mais de volta á pousada notei que estaba triste e levaba a testa caída. Apenas ocupou de novo a súa praza acometeuno

unha tose moi fonda e bronca. Lembrei o que me dixeran o cabalarizo na montaña: «Está tolo o que trae un cabalo a Galicia e tolo de remate se trae un sen capar.» Durante a maior parte do día o cabalo andivo no medio dunha riolada de cen égoas, alomenos, e quentouse moito. Coa tose entroulle un tremor violento. Fixenme cun cuartillo de augardente anisado e, coa axuda de Antonio, deille fregas por espacio de case unha hora, ata que o pelo se lle cubriu de espuma: maila tose ía a máis; tiña a mirada pasmada e os membros ríxidos.

—¡Non hai máis remedio que sangralo! —dixen—. Corre a buscá-lo albeite.

Chegou o albeite aos poucos.

—Sangre vostede o cabalo —exclamei— e quítelle un azumbre.

O albeite mirou o animal e voltouse cara a porta.

—¿Onde vai vostede? —preguntei.

—Á miña casa —respostou.

—¡Pero si o necesitamos a vostede aquí!

—Xa o entendo —repuxo—. E por iso voume.
 —Ten vostede que sangrá-lo cabalo ou morrerá.
 —Xa o sei —dixo o albeite; pero non o sangro.
 —¿Por qué?
 —Só o farei cunha condición.
 —¿Con cal?
 —¡Con cal! Que me pagará vostede unha onza de ouro.
 —¡Sube correndo a buscá-la maletiña de pel! —dixenlle a Antonio.
 Trouxo a, collín un fleme ancho e, coa axuda dunha pedra, introducino na vea principal dunha pata do cabalo. De primeiras, o sangue non quería saír; ao fin, a forza de fregas, comezou a manar e acabou por correr dabondo; así estivo unha media hora.
 —O cabalo vaise desmaiar, mon maître, —dixo Antonio.

—Sosteno firme —respondín— e dentro de dez minutos pecharei a vea.
 Pecheina, efectivamente, e mentres o facía púxenme a ollá-lo albeite á cara, arqueando as cellas.
 —¡Carallo, qué demo de bruxo! —moumeou o albeite ao marchar. ¡A el si que o sangraría eu se tivera aquí o coitelo!

Pola noite saímos para A Coruña, levando os cabalos pola brida. O día era espléndido e o noso paseo delicioso. Iamos baixo as árbores, moi altas e sombrizosas, que abeirán a rota desde Betanzos ata xa preto da Coruña. Ningunha cousa tan risoña e leda coma o país circunveciño. Os viñedos abundaban nas inmediacións das aldeas por onde atravesábamos e millóns de plantas de millo erguían as súas altas canas e desplegaban as súas anchas follas verdes nos campos.» ■



Gravura da primeira edición inglesa de *The Bible in Spain* representando a Borrow perdido na noite.

O Peirao de Betanzos por Xenaro Pérez Villaamil en 1849, pouco despois da viaxe de Borrow.
 Boceto a lapis sobre papel



Auga

Antón Fafián

Nos derradeiros tempos temos oído falar moito do noso ben máis preciado, nunhas ocasións pola súa escaseza, outra polas inundacións provocadas por choivas torrenciais, pola contaminación que non deixa de facer dano sobre todo nos tramos medios e baixos dos ríos e por ende do mar...

E na nosa bisbarra volta á actualidade a calidade da auga potable da "traída" de Betanzos a raíz das denuncias de verquidos sen control que teñen lugar no cauce do río Mendo augas arriba de onde Betanzos capta o líquido elemento.

Resulta que cando non son os pesticidas e herbicidas que arrastra a choiva, son cisternas de xurro ou as augas sen depurar de todos os núcleos de poboación anteriores a Betanzos: Cesuras, Oza dos Ríos... os que contaminan o Mendo. E por "esas cousas da vida" enterámonos de que Oza dos Ríos ten depuradora dende hai 15 anos, unha depuradora que nunca chegou a funcionar e hoxe está practicamente inservible por abandono.

Segundo parece, o caso non é único en Galicia e amosa a falta de planificación de instancias superiores como a Xunta á hora de dotar de infraestructuras a concellos que non sempre poden financiar o seu mantemento nen o persoal técnico necesario para darlle un bo uso ás instalacións.

Especialistas na materia afirman que tentar depurar augas contaminadas con xurro, augas fecais con gran cantidade de materia orgánica... para convertelas en potables resulta moi complicado por non dicir inviable. O filtrado e a posterior cloración por si mesma non elimina esa contaminación, de feito segundo un estudio levado a cabo por investigadores do Consello Superior de Investigacións Científicas e do Instituto Municipal de Investigación Médica de Barcelona esta cloración pode levar á formación, entre outras, dunhas sustancias venenosas chamadas Trihalometanos, orixinados

cando a materia orgánica presente na auga (xurro, excrementos...) entra en contacto co cloro que debe depurar esa auga e facela apta para o consumo humano.

Para estes científicos o perigo dos contaminantes non pode eliminarse aínda que si disminuílos. ¿Cómo? Intentando que os niveles de contaminación orgánica que chegan á planta de cloración sexan menores polo que o nivel de cloro a usar tamén sería inferior e por ende a formación dos Trihalometanos. Ou sexa, mellor que o río vaia limpo.



Os Trihalometanos están relacionados coa orixe de cancro de vexiga, malformacións na medula espiñal, menor peso dos recém nados...

Como en tódolos estudos hai controversia e hai quen tilda de alarmistas aos responsables do estudio, sen embargo xa nos anos cincuenta, nos Estados Unidos había estudos que apuntaban os riscos de captar auga para as cidades de ríos que atravesan outras cidades ou zonas agrarias onde se usan moitos abonos, pesticidas, herbicidas... :

"As cidades que reciben de ríos a auga para beber teñen unha alta porcentaxe de mortes por cancro, maior que a de aquelas cuxa auga potable provén de manantiais probablemente menos susceptible de contaminación.." ¹

Outro caso coñecido hai tempo e que reafirma esta perigosidade acontece en Soria, onde investigadores da Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense atoparon unhas sustancias na auga potable chamadas cianotoxinas en niveles superiores aos permitidos. A Soria acontécelle algo semellante a Betanzos. Capta a auga do río Douro que, para cando chega á localidade castelá, xa recibiu os verquidos sen ningún tipo de depuración de varios concellos; os problemas multiplicanse no verán cando o caudal de auga é mínimo e a concentración de contaminantes presenta os índices máis alarmantes.

Nun informe remitido ao Concello de Soria o 3 de xuño do 1999 os científicos da Complutense indicaban: *“Está probado que as cianotoxinas son causantes non so de mortes masivas de animais, senon de graves problemas de saude humana, como brotes agudos de gastroenterites, conxestión pulmonar, irritacións cutáneas, alerxias variadas, lesións hepáticas ou elevación na incidencia de tumores e metástaxes”*. Noutro punto do escrito poñía: *“debería terse en conta que Soria está entre as provincias españolas con maior incidencia de cancro do aparello dixestivo”*.

Debe quedar claro que beber un día esta auga non é perigoso, o risco ven por un consumo continuado. Na páxina 182 do libro de Rachel Carson *“Primavera silenciosa”* ilustranos: *“...explica tamén por que repetidas e pequenas doses de calquer carcinóxeno son máis perigosas, en certas circunstancias, que unha sola cantidade grande. Esta última pode matar as células no acto, namentras que as pequenas doses permiten sobrevivir a algunhas, aínda que danadas. Estas supervivintes poden converterse entón en células cancerixenas...”*²

Os responsables de abastecemento de auga de Betanzos afirman que non hai perigo, xa que a captación de auga namentras dure o problema ven das reservas de varios mananciais. Claro que o problema ven de lonxe, lembremos que Oza leva 15 anos con depuradora pero sen usala...

En Soria trala entrega do informe citado ao municipio, un dos seus autores, o profesor da Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense Eduardo Costas explicou: *“...a pesar da gravidade do que expoñen os científicos, a reacción do Concello, da Confederación Hidrográfica e demais autoridades foi buscar estudos que contrarresten os da Universidade Complutense”*.

Resulta patético pero acontece case sempre así, a canción de *“aquí non pasa nada, está todo controlado...”* cando os resultados non coinciden co que lle interesaría ao que o encargou. Recordando de novo o libro *“Primavera Silenciosa”* de Rachel Carson, resume moi ben o que acontece nos tempos de prisas que vivimos:

“O home impresiónase moito máis facilmente por enfermidades que presentan claros síntomas. E, sen embargo, os seus peores inimigos introducense nel sen impedimentos”.³

... silenciosa e lentamente e sen decatármonos.

¹ *Primavera Silenciosa*, Rachel L. Carson. Editorial Crítica, serie Drakontos; Barcelona 2001, páx. 51.

² o.c., páxina 182.

³ o.c., páxina 152.



O traxe: o calzado

Olga Kirk Martínez
Pablo Díaz Carro
 (Colectivo de recolleita e
 música tradicional Ruote)

As peculiaridades climáticas que existiron sempre en Galicia afectaron enormemente na evolución da vestimenta e o calzado, e por iso nun clima frío e húmido como o noso a súa importancia é clave.

Escomenzaremos polo tanto falando do calzado que máis se adaptou a esta situación, as zocas. O seu uso coas súas diferentes modalidades, estendeuse por toda a xeografía galega, e xa ven de moi atrás. Están feitas integramente con madeira que en xeral é de vidueiro ou amieiro, madeiras presentes en todo o territorio e que pola súa constitución son doadas de traballar (non son excesivamente duras o que facilita o seu tallado). Pola súa morfoloxía poden rematar o empeine en punta ou roma, variando a súa forma tamén dependendo de gustos e bisbarras. Outra variante é a "madreña" ou "madroña", tamén chamada "galocha", similar ás asturianas e que se levaba por moitas zonas de Lugo. Caracterízase por ter tres soportes na planta, un no tacón, e outros dous na parte dianteira, que ó dar maior altura e separación do chan, aíllan mellor da auga e humidade e favorecen o camiñar pola neve, evitando esbarar.

En xeral, as zocas externamente podían ir pintadas en negro ou vermello, podían ser lisas ou talladas, imitando a zapatos ou facendo debuxos artísticos simples. Incluso as de cor da madeira branqueábanas con diferentes produtos.

As zocas tamén podían ser máis grandes e

abertas para poder introducir outro calzado por dentro (a parte dos "escarpíns", calcetíns de la que se soían empregar). Así calzábanse unhas zapatillas ou "chirucas" por dentro da zoca para abrigar máis o pé.

Hoxe en día aínda se empregan e venden nas feiras, sendo os vendedores de peixe dos mercados os que máis conservan o costume de calzalas, ó igual que moita xente que había en zonas montañosas.

Outro calzado moi práctico e extendido foron os zocos, chancos ou chancas (denominación que reciben en Ourense) feitos de coiro de becerro e solo de madeira. Este ía clavado con puntas ó coiro. Podían ser da súa cor natural ou tinguida en negro para semellar máis a un zapato. Deste xeito era máis común entre as mulleres, máis preocupadas polo seu atuendo. A parte superior, de coiro, era máis resistente pois ía rematada con contrafortes, polo que era normal que a madeira se desgastase e houbera que cambiarlle a sola do zoco posteriormente. Xa neste século e para evitar isto, poñíase unha fina ferradura metálica na pranta,

tanto na parte dianteira como na traseira, prolongando así moito a súa duración.

Outra modalidade de zocos eran unha botas moi semellantes a estes, pero sen amallóns ou amallos, nome que recibían as tiras estreitas e longas de coiro que se utilizaban para atar. Estas botas soíanas levar os mariñeiros.



Foto: Arquivo Ruote.



Foto: Arquivo Ruote

Os artesáns deste calzado, a parte dos zapateiros eran os zoqueiros, mañosos que traaballaban ben a madeira e o coiro e que logo vendían os pares nas feiras. Como sucedía con outros oficios, como as costureiras, afiadores, etc., os zoqueiros percorrían as parroquias coas súas

ferramentas, e facían zocos e zocas por encargo. Así surtían a todo o pobo de calzado, e durmían na casa dalgún veciño do lugar.

Tamén existían as chinelas, zocas abertas por atrás, tamén empregadas no norte de Portugal. No sur da provincia de Ourense (sobre todo na Baixa Limia) e na zona máis oriental de Lugo (especialmente nos Ancares) calzaban uns chancos polo verán. Trátase dunha variante semellante ás "sandalias" de hoxe en día que levaban a sola de madeira e dúas tiras de coiro cruzadas ou paralelas, deixando descuberto o resto do pé.

A xente máis avantaxada economicamente ou aqueles que podían mercalos, levaban zapatos ás romarías, ás festas ou á igrexa. Estes zapatos eran sempre negros e de cordóns, coa única variante de seren máis ou menos altos. Comunmente os zapatos de muller levaban unha fibela de metal, que facía as veces de embelecador ou adorno. Durante os séculos XIX e XX moitas mulleres gastaron botinas, unha bota de coiro negro que sobía por riba do nocelo e que tamén se ataba con cordóns. Estes calzados moito máis finos foron feitos en diversos materiais (charol, pana, etc.) dependendo dos cambios das modas.

Como conclusión explicaremos unha anécdota moi repetida ó longo de todo o noso país. A xente acodía ós bailes, festas e romarías camiñando. Durante o traxecto calzaban zocos ou zocas para así non gastar nin ensuciar os zapatos. Cando chegaban ó seu destiño escondían entre silveiras o calzado de diario e poñían os zapatos para campar.



POSTO DE ZOCAS E MADREÑAS NA FEIRA DE BETANZOS.
Núñez Lendoiro: "Betanzos de los Caballeros y sus marañas".

Blues británico e norteamericano, novo folclore e rock galego

Xosé Luis Sobrino

Peter Green e Splinter Group.

Time Trades

Eagle Records.

Temos de volta tras un parón de 20 anos a un dos personaxes máis salientables da escena musical británica. Peter Green regresou ós escenarios e ós estudos de gravación hai cinco anos, tras un parón no que tivo que superar o inferno da adicción ás drogas psiquiátricas.

Tras dous albums en directo, e o precedente *Destiny Road*, podemos disfrutar este *Time Traders*, traballo discográfico no que o guitarrista parece recuperar o tempo perdido.

Da súa valía como músico hai abondosas mostras, como os eloxios de B.B. King, quen dixo do ton que utilizaba Green para tocar: "é o único que teño escoitado que me fixo suar". Que outros pesos pesados como John Mayall, Eric Clapton, Gary Moore, Black Crowes ou Jimmy Page teñan intercambiado admiracións mutuas ou mesmo tocado incluso as súas cancións avalan a tese de que estamos ante un personaxe inxustamente olvidado polo gran público.

Peter Green que no seu tempo foi un dos fundadores do coñecido grupo Fleetwood Mac soubo rodearse para esta gravación de músicos experimentados que conforman o Splinter Group, como é o caso de Nigel Watson, Roger Cotton, Pete Stroud

ou Larry Tolfree. Músicos que na súa compañía ofrecen un blues recio e eléctrico, tendo tamén unha parte importante no disco os temas de *rythm and blues* poderoso e penetrante. Destacan pola súa forza o tema *Lies* ou *Down the road of temptation*. Ademais Green permítese certos devaneos con outros estilos como no tema *Running after you*, onde mestura o blues con certos ritmos latinos ou por exemplo en *Uganda woman*, tema no que inclúe un espectacular coro africano. Volta ós estudos de Peter Green e boa ocasión para achegarse á música dun dos mestres do blues branco.

Shemekia Copeland.

Wicked.

Alligator Records.

Segundo traballo discográfico da filla de Johnny Copeland, unha rapaza de tan só 22 anos que xa ten dado mostra da súa forza á hora de interpretar os xéneros propios da música negra. Carácter interpretativo e forza vocal que se forxou tras moitos anos nos escenarios, pois Shemekia comezou a cantar acompañando ó seu pai nas actuacións no Cotton Club, cando tan só tiña 8 anos.

A evolución proseguíu, ós 16 anos xa era unha parte fundamental nos concertos paternos, chegando a converterse nunha adicta ós escenarios e ó contacto co público. Todas estas táboas fixeron que desembocase na estrea discográfica cun debut un tanto comercial, pero cargado de sentimento.

Neste segundo disco Shemekia enmenda erros do primeiro e ofrécenos unha explosiva combinación de funk, blues, *rythm and blues*, soul e gospel.

Variedade de estilos xéneros e versatilidade para pasar dos tempos medios como o tema *Love escene* ata outras composicións máis poderosas como *It's 2 a.m.* Trece cortes que se poden escoitar ata a saciedade por desprender ese sabor dos discos clásicos, aínda que este editado no pasado ano.

Como garantía da súa calidade podemos citar a obtención de dous premios W.C. Handy (os



máis prestixiosos do mundo blues), outorgados á mellor artista feminina e ó mellor album de blues do ano por esta entrega de Wicked.



MUTENROHI NO FESTIVAL FOLK DE CRENDES
(ABEGONDO)

Mutenrohi. Danze.

Zouma Records.

Nova entrega da banda de música celta máis innovadora de Galicia. Mutenrohi ofrécenos esta nova entrega discográfica na que volve a facer avanzar a música tradicional mesturándoa con sons futuristas e estilos diversos como o funky ou o pop.

Tras este son único entre as bandas de folclore de Galicia está a produción do guitarrista Juan Carlos Fasero, responsable do son deste grupo e do de Cristina Pato.

Tres entregas anteriores e varias nominacións ós Premios da Música da S.G.A.E son algúns recoñecementos á carreira deste grupo, fomentada sobre unha ampla experiencia nos escenarios que os fixo tocar en toda a península, en Francia, Suiza ou Portugal. Ademais de ter participado en importantes festivais europeos como o Guinness Irish Festival ou o Festival Intercéltico de Lorient.

Entre os alicientes para deixarnos atrapar polo son desta banda ourensá están a mestura entre temas cantados e instrumentais, ou esa capacidade para incluír temas populares nalgún dos casos con máis de 200 anos, dotándoos de arranxos que os fan rexuvenecer sin variar un chisco a melodía orixinal.

Esa presenza da música tradicional como base ten unha importante presenza no disco, pois atopamos ata seis temas o que on impide a presenza de temas máis vangardistas como *Lúa Nova*, *Morería* ou *Final*.

Influencias e sons variados nos que influen seguramente tódolos compoñentes; Juan Carlos Fasero na voz e guitarra, Raquel Pato nos teclados, Juan Padrón no baixo, Raquel Rodríguez no violín, Abraham Vila na batería, Cristina Barriga na voz e Xurxo Brea na gaita e flautas.

Música sorprendente na que se tende unha ponte entre a tradición musical galega e o presente, garantizado pola xuventude e o talento creativo dos músicos deste grupo.

Holywater Burn Forest

Temos diante unha das esperanzas do rock alternativo feito en Galicia. Holywater é unha banda formada na cidade de Lugo no ano 1988, é que está integrada por Ricardo Rodríguez na voz e guitarra, Martín Alonso na guitarra, Laura Romay no baixo e Luis Casanova na batería.

Teñen gravado un CD composto por 11 cancións que leva de momento o título provisional de "Burn Forest". A plasmación destes once cortes en CD fíxose durante decembro do 2000 e actualmente o grupo atópase nun compás de espera á busca dalgunha compañía independente a nivel estatal que se encargue da publicación do mesmo.

Nestes tres anos de existencia Holywater teñen dado unha morea de concertos, ademais de gañar importantes premios como o Galicia Cidade Única no que se impuxeron a outros 300 grupos musicais. Ademais destes músicos lucenses están seleccionados de entre 1200 grupos por Jesús Ordobás para o concurso "Proxecto demo 2001 radio 3" de Radio Nacional de España.

A súa música de forte lirismo e expresión desgarrada entronca perfectamente coas novas tendencias do rock norteamericano dos anos 90. Fuxen das versións e amósanos a súa particular visión do rock, cercano a bandas alternativas como Pavement, ou Toad the Wet Sprocket entre outros.

Esa relación co rock norteamericano ven realizada pola anécdota de que Ken Stringfellow, o líder do grupo The Posies, interesouse nos Holywater para producir o seu primeiro traballo discográfico. Un interese que se plasmaría na actuación de Holywater como teloneiros desta punteira banda americana en Benicassim. En síntese, rock de primeira calidade inspirado no outro lado do Atlántico que nos chega dende a cidade das murallas. Pódese ampliar a información ou mercar un adianto do seu disco no enderezo <http://www.holywaterweb.com>.



As novas que nos chegan

Baraxeiro

O CADERNO, que acadou o "premio Risco de literatura fantástica 2001", é unha nova novela de **Xabier López López** que ven de ser editada por Sotelo Blanco na súa colección "medusa". Precisamente fora esta mesma editorial a que publicara as dúas anteriores entregas narrativas de Xabier: *Biff, bang, pow!* e *Doctor Deus*. Un escritor galego que recibe unha bolsa para refacer o percorrido berlinés que Vicente Risco (xustamente, o que dá nome ao premio) realizara nos anos trinta, tenta reflexar nun caderno de viaxe as súas impresións setenta anos despois. A viaxe no tempo devirá en real, mesturándose ficción e realidade, e o protagonista verase mergullado na realidade berlinesa dos anos trinta, condenado a non regresar ao seu tempo, en plena ascensión do fascismo e da barbarie aceptada pasivamente.



OS FAROS DA COSTA DA MORTE (GALICIA), da autoría de **Xosé M^a Lema Suárez** e **Manuel Vilar Álvarez**, é un estudo que nos pasea por estas curiosas e especializadas construcións deste tramo singular da costa coruñesa, hoxe despoixadas da súa aura a causa da automatización e mesmo sen uso algunhas delas. Na introducción abórdanse os faros na historia e tamén a súa relación coa literatura e a arte. Da ducia de faros aquí estudados, destacan polo seu carácter emblemático o de Fisterra e o do cabo Vilán. Coidada edición a toda cor, con numerosas ilustracións, editada pola Asociación Neria neste ano 2001.

O CULTO DOS HEROES, relato do arxentino **Arturo Cancela** (1892-1957). fillo de emigrantes galegos, foi traducido ao galego en 1928 polo seu amigo Eduardo Blanco-Amor con destino a ser publicada na colección "Lar" que dirixía na Coruña Leandro Carré. Frustrada daquela a súa publicación, ve a luz agora por primeira vez da man de Edicións Laiovento, acompañado dun completo e competente estudo introductorio do profesor coruñés Antón Capelán, o seu resgataador.

MANUEL MARÍA é un voluminoso libro (737 páxinas) dedicado a homenaxear e estudar a figura e obra deste poeta (e tamén autor teatral, narrador, articulista...) no que colaboran máis dun cento de persoas das nosas letras, moitos deles cunha especial vinculación co poeta da Terra Cha. Entre os colaboradores dous compañeiros nosos: Emma Couceiro, que aporta un texto creativo, e Xesús Torres que asina unha "Semblanza betanceira de Manuel María: obras e amores". O libro editado pola Asociación Cultural "Xermolos" de Guitiriz e coordinado por Alfonso Blanco Torrado, é unha aportación singular e completísima para o estudo e análise dunha figura esencial das nosas letras contemporáneas. Unha terra, Un home, Unha obra (cos apartados de Poesía, Teatro, Literatura para nenos, Ensaio, Narrativa, Poesía musicada e Outros), e Testemuños, son os catro extensos capítulos que recollen os numerosos traballos que conforman este libro que conta tamén co complemento dunha ampla documentación gráfica.

O ASOCIACIONISMO DOS PESCADORES NA GALIZIA DE ANTEGUERRA: UNHA OLLADA DE CONXUNTO, é a pequena historia dos mariñeiros galegos e da loita por mellorar as súas condicións de traballo a principios do século XX. **Dionisio Pereira**, especialista nos estudos sobre o movemento obreiro galego, é o autor desta monografía de 58 páxinas que edita o *Ateneu Libertário Ricardo Mella*, da Coruña, facendo o número 2 da súa Colección Xerminal.

Outro traballo nesta liña de recuperación histórica, neste caso do pasado recente dunha vila galega, é a monografía de 56 páxinas que nos achega a Asociación Cultural Obradoiro da Historia (Apartado nº 42. 15680 Ordes), unha entidade que ven traballando moito e ben na difusión da cultura na súa comarca. Baixo o título **ACHEGAMENTO Á SEGUNDA REPÚBLICA EN ORDES. DOCUMENTOS**, da autoría de Manuel Pazos Gómez, coa colaboración de Emilio Grandío e Bernardo Maíz, explícasenos como o sempiterno caciquismo mantivo os resortes do poder nalgúns concellos mesmo co cambio de réxime.






De Portugal chégannos uns cantos libros amosando a variedade da súa literatura e as amizades que imos facendo além Miño a través da nosa Xanela:

Luis Filipe Maçarico, o amigo portugués, achéganos a 3ª edición do seu pequeno poemario **OS PASTORES DO SOL** (Edición da Escola Profesional do Fundão), que aparece en versión trilingüe: portugués, francés e árabe, froito dunha viaxe a Tunisia e do seu amor cara esa terra. Maçarico é deses homes necesarios a tender pontes entre as persoas de países e culturas diversas, máxime en momentos dramáticos como os actuais en que tanto interese amosan algúns en enfrontar civilizacións diferentes.

O FELINO ANJO BRANCO é o primeiro poemario de **Cristina Pombinho**, fermoso caderno cunha ducia de poemas e que conta cunha serie de deseños acuarelados de Mena Brito. O anteriormente citado Maçarico fai a súa presentación: "*Cristina Pombinho é uma ave do sul, que anseia pela sede de silêncio dos desertos. Para refazer as asas e o sonho de ser livre (...)*"



TOADAS ALENTEJANAS é o segundo libro de Rosa Dias, poetisa popular de Campo Maior, vila fronteiriza con Badaxoz, quen xa publicara "O sentir do Alentejo" e que neste 2001 ven de sacar a 2ª edición destas toadas. Rosa Dias canta a súa terra e a súa xente e cóntanos a súa orixe e vivencias pessoais en ritmos sinxelos tradicionais: "*Olho o meu Alentejo seco e quente / Cheio de nostalgia e mistério / Esse dom que faz dele um império / que dá força e vida à sua gente.*"




RESPIGOS DO PASSADO (2000) recolle en edición do autor diversos traballos xornalísticos de A. Lopes de Oliveira, publicados ao longo de varias décadas en xornais do nortede Portugal versando case sempre temas culturais e efemérides centenarias de persoeiros portugueses e estranxeiros. Na capa reproduce unha tapicería de Stella de Brito. De especial interese para os galegos é o artigo dedicado ao noso paisano "Sebastián Martínez Risco, jurista, poeta, académico", presidente da Academia Galega, con motivo do seu pasamento en 1977. A colectánea presenta a autor como unha homenaxe á súa compañeira de todo tempo, a máquina de escribir, adquirida há máis de sesenta anos.

No apartado de revistas consignamos: **PANÓPLIA**,. Mais un novo número da revista cultural que dirixe, redacta e administra na localidade portuguesa de Fafe o veterano xornalista Dr. A. Lopes de Oliveira. Este nº 28, correspondente a setembro de 2001, vai adicado á fadista Amália Rodrigues (1920-1999) con motivo do traslado dos seus restos ao Panteón Nacional, e nel colaboran o caricaturista Aniceto Carmona e os poetas Egídio Gonçalves e Amadeu Torres.

AS 4 ALDEAS, boletín da S.C.R.D. Fillos de Ois, sacou o nº 18 no mes de novembro. Aparte das informacións asociativas, destacan nas doce páxinas deste número a terceira entrega dun relato de Xulio Cuns e unha noticia sobre a estela funeraria de Recebés atopada en 1992 nesa aldea de Ois.

XISTRAL, *Revista lucense de creación poética*, reapareceu no pasado 2000 da man de Camilo Gómez Torres e da Concellería de Cultura do Concello de Lugo, dirixida por Ignacio Rodríguez Eguibar, como unha homenaxe á revista que no 1949 intentaron poñer en marcha os mozos Manuel María e Manuel Antonio Sopena Somoza, nun intento que acadou dous números, numeración que é agora continuada nesta nova xeira. No número 4, que saíu en xuño do 2001, colaboran un total de 35 poetas vencellados dalgún xeito á provincia de Lugo, entre os que atopamos os nomes de Manuel María, Rodríguez Fer, Luz Pozo, Xosé Lois García, Lois Diéguez ou Emma Couceiro, a nosa compañeira nada en Cospeito.



ESMORGA

C/ Rollo, 34 · Tel. 981 772010 · BETANZOS

DISCO-BAR

TROUZA

Rosalía de Castro, 6-8
BETANZOS



BANCA
CAFÉ

Rúa do Castro, 2
Betanzos dos Cabaleiros
Teléfono 981 77 36 69



Alcalde
Beccaría, 10
BETANZOS
Xarope

Rosalía
de Castro, 4



O PICH O CAROLO
ADEGAS

SOPORTAIS DA FONTE DE UNTA, 10
B E T A N Z O S



aula de informática
CENTRO HOMOLOGADO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL

R/ Rollo, 32-baixo
Tel./Fax 981 773007
15300 BETANZOS

CENTRO ASOCIADO

SERVICIO GALEGO
DE COLOCACIÓN



VENDA E DISTRIBUCION EN ALIMENTACION

Telefónos:
908 98 86 88
(981) 78 84 20

Muiños, 7
15314 Mántaras- Irixoa
(A Coruña)



L'UAR
QUEIXOS



DONÍN

LIBRERÍA PAPELERÍA

Rúa do Rollo, 32 · 15300 BETANZOS (A Coruña)
Tel. 981 772649 · E-mail: donin@jet.es



OS CONDES
- CAFÉ CANTANTE -
BERGONDO
(A CORUÑA)
Tel. 981 791357

FERRETERÍA
ROQUE
MENAXE
MATERIAL ELÉCTRICO

Distribuidor: CAMPING-GAS
COPIA DE CHAVES
CERRALLERÍA · FERRAXES

Avda. Xesús García Naveira, 36
Tel. 981 773253 · BETANZOS


R/ Valdonce l, 16
15300 BETANZOS
Teléfono 981 774798

MARÍA LÓPEZ JUNQUERA
JORGE DÍAZ SÁNCHEZ
clínica veterinaria
valdoncel




Almacenes **ROYAL, S.L.**

A SUA CASA EN PINTURAS
EN PINTURAS BRUGUER,
PREZOS SEN COMPETENCIA
Avda. Fraga Iribarne, s/n · Tel. 981 772714
Fax 981 772600 · 15300 BETANZOS



Fincas
DoCastro

Se merca ou vende. Consúltenos!
981 773636 Rúa do Castro, 17-1º



MUSEO DAS MARIÑAS
-Espazo Cultural de Betanzos-

Aberto todos os días
de 10 a 17 e de 10 a 14 h.

PREMIO XERAIS DE NOVELA 2001

Marilar Aleixandre
Teoría do caos



Teoría do caos
Marilar Aleixandre

Novela cuidadosamente construída en forma de traxectoria e estruturada sobre tres planos que se van intercalando, Teoría do caos propón, ao estilo da Rayuela de Cortázar e o Paradiso de Lezama Lima, múltiples lecturas do enfrontamento dialéctico de dúas xeracións e a confrontación de formas de entender a conquista do paraíso, de recuperar a levidade, de vivir a vida.

XERAIS



xerais@xerais.es · <http://www.xerais.es>

**PAPELERÍA
LIBRERÍA
REGALOS
IMPORTACIÓN**

ESTANCO

Valdoncel, 91
(Ponte Nova)
Tel. 981 770201
BETANZOS



Plaza Alfonso IX, 10
Teléfono 981 770952 · BETANZOS

**FERRETERÍA
José Luis
BUTANO**

Na mesma Porta da Vila
Rúa do Castro, 9 · Plateiros, 1
Tels. 981 770410 - 981 772661 · BETANZOS